



Plan dixital Ceip San Tomé

Xuño, 2022



Índice

1. Introducción.....	1
a) Datos básicos do centro.....	1
b) Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	1
c) Xustificación.....	2
d) Proceso de elaboración e equipo.....	3
2. Análise da situación do centro.....	4
a) Medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Infraestrutura).....	4
b) Ecosistema dixital.....	5
c) Medios tecnolóxicos das familias.....	6
d) Fontes empregadas para a análise DAFO.....	7
e) Análise DAFO segundo as directrices do grupo ADIX.....	9
f) Situación actual en canto ás TIC (contraanálise DAFO obxectiva).....	9
3. Plan de acción.....	10
a) Obxectivos, indicadores e accións.....	10
b) Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	19
4. Orientacións.....	20
a) Educación infantil.....	20
b) Primeiro ciclo.....	20
c) Segundo ciclo.....	21
d) Terceiro ciclo.....	21
5. Avaliación do plan.....	23
a) Seguimento do Plan de Acción.....	
b) Propostas de mellora (revisión).....	
6. Difusión.....	24

ANEXOS

ANEXO I (PROCEDIMENTO DE EMPRÉSTITO DE MATERIAL)

ANEXO II (HORARIOS DE ORDENADORES E ROBOTS)

1 Introducción

a) Datos do centro

CEIP SAN TOMÉ (36015093)

Os Olmos nº 20 – 36630 – Cambados

ceip.san.tome@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantome/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantome/aulavirtual/>

Alumnado: entre 370 e 400.

Profesorado: 31

b) Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A poboación do barrio de San Tomé pertence a unha clase media, cunha porcentaxe significativa de empregos vencellados ao mar directa ou indirectamente (mariscadoras/es, peixeiras/os, traballadoras/es de depuradoras e conserveiras). O resto de familias ten unha actividade económica propia desta clase, como poden ser traballos administrativos e de servizos.

O nivel de estudos das familias é moi dispar, xa que a diversidade no noso centro é moi grande, existindo pais/nais con nivel de estudos básico ata familias nas que os dous proxenitores teñen estudos superiores.

Cambados caracterízase por unha importante actividade cultural e deportiva, que tamén ten influencia no colexio pola cantidade de eventos organizados polas distintas asociacións e polo concello.

Posúe ademais unha rede museística importante para unha vila de 13800 habitantes e unhas instalacións deportivas de calidade.

A finalidade deste centro educativo é propoñer situacións que xeren aprendizaxe no alumnado, que se forme e desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.



O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

Neste sentido, non pretendemos que sexa un documento que xere conflitos, senón que recolla o que se leva facendo anos no colexio e que aglutine todas as actuacións no ámbito dixital e tecnolóxico que queremos abordar de cara ao futuro.

Intentaremos que encaixe nos programas nos que xa participa o colexio: Edixgal, todas as liñas de contratos programa, plans proxecta, club de ciencia, radio na biblio, etc.

c) Xustificación

En base á normativa vixente e como parte do Proxecto Educativo do Ceip San Tomé elabórase este Plan Dixital, documento que pretende regular a relación coa tecnoloxía nas distintas etapas educativas e ofrecer unha guía de referencia para as familias e profesorado que sexa sinxela e efectiva.

Neste documento trataremos de atopar o equilibrio necesario para que a tecnoloxía se introduza nas aulas de xeito natural sen ter dependencia dela, pero sendo conscientes de que no século XXI o alumnado debe adquirir unha serie de competencias en relación co seu emprego.

Ata hai ben pouco o obxectivo principal era dalas a coñecer, actualmente debemos regular o seu uso e coñecer os riscos derivados do mesmo.

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible.

A educación é un recurso crave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.



Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro, pretendemos:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

d) Proceso de elaboración e equipo

O deseño do Plan Dixital de Centro debe recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implantación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que desde a súa responsabilidade pode achegar (na fase de deseño), como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implantación).

O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

2 Análise da situación do centro

a) Medios tecnolóxicos dispoñibles no centro. Infraestrutura

O centro conta cunha excelente conexión a internet dende que formamos parte do plan de Escolas Conectadas. A velocidade da conexión por cable e da wifi é moi boa e permite planificar sen medo a interrupcións e caídas.

Sen embargo, moitos dos equipos están vellos e precisan dun recambio. Os proxectores das aulas teñen as lámpadas chegando á súa fin e, hoxe en día, existen mellores solucións que evitan as sombras e problemas de luminosidade, como poden ser os paneis.

De toda a listaxe que vai a continuación, a grande maioría dos equipos son de adquisición propia do centro (os que aparecen en cor verde), polo que non están suxeitos ao mantemento e reparación por parte da UAC.

Aulas	Dispositivos alumnado	Dispositivos profesorado
Ordenadores		
Infantil	-	1 Ordenador por aula
1º a 4º de primaria	2 ordenadores por aula	1 Ordenador por aula
5º e 6º de primaria	Un ordenador por alumno/a (Edixgal)	1 Ordenador por aula + un ordenador por mestra/e
Relixión / Valores	2 ordenadores	
Biblioteca	4 ordenadores	1 ordenador e proxector
Al 1	-	1 ordenador
Al 2 / apoio	2 ordenadores	1 ordenador
Sala de máquinas	-	1 ordenador
Sala de mestres/as	-	3 ordenadores
Departamento de orientación	-	1 ordenador
Despacho equipo directivo /administrativa	-	4 ordenadores
Armario de portátiles	24 ordenadores	1 ordenador con maqueta abalar
Material común		
Armario de tablets		9 tablets
Cámara de vídeo		1 cámara



Cámaras de documentos	10 unidades
Cámaras de fotos	4 cámaras
Pizarras dixitais e paneis interactivos	
Infantil	2/6 aulas
1º ciclo	2/4 aulas
2º ciclo	3/4 aulas
3º ciclo	4/4 aulas
Música	Panel interactivo
Fotocopiadoras e impresoras	
Sala de máquinas	2 fotocopiadoras
Sala de mestres/as	1 impresora
Robots educativos	
Armario de robots	20 (14) unidades de Mbot , 1 Ranger e 1 de Mtiny
Aulas de infantil	1 unidade por aula de code & go
Colexio	13 ultraportátiles para fenda dixital

b) Ecosistema dixital





O anterior esquema recolle todos os programas dos que dispoñemos no centro para realizar o noso labor docente. A meirande parte son ferramentas corporativas e/ou de código aberto, habendo unha mínima parte que pertencen a outras plataformas.

O profesorado ten a obriga de ser competente para manexar as ferramentas corporativas relativas á comunicación e publicación, sendo recomendable tamén para o resto de programas.

Este ecosistema proporciona ao profesorado todo o necesario para levar a cabo o seu labor docente a nivel dixital, estando tamén a disposición do alumnado todos os de software libre e almacenamento.

Na aula virtual do centro haberá cursos de formación para o profesorado que chegue ao colexio e non teña a formación axeitada.

c) Medios tecnolóxicos das familias

No mes de setembro de 2020 e 2021 realizamos unha consulta para comprobar os medios tecnolóxicos e a conexión a Internet que teñen as familias do noso colexio.

Dos resultados da mesma destacamos:

- O 100% dispón dalgún tipo de conexión ou dispositivo (o máis básico: móbil con datos), aínda que non todos con boas condicións como para empregalos como complemento da aprendizaxe.
- Un 21% considera que en caso de ter que recorrer ao ensino dende a casa, precisaría que se lle facilitase un dispositivo ou conexión a Internet para poder seguilo de xeito idóneo.

Destes dous aspectos concluímos que:

- Ese 21% de familias non se poden ver prexudicadas no proceso de de aumento de actividades que impliquen o emprego da tecnoloxía, polo que o centro deberá axudar e dotar de medios para que iso non suceda. Polo tanto, cando se "esixa" a realización de tarefas nas que sexa necesario ter un determinado dispositivo, deberá terse en conta a posibilidade de realizar un empréstito da tecnoloxía necesaria para levalo a cabo.¹
- Nestas condicións podemos empregar as TIC tamén para a realización de tarefas na casa, o que abre novas posibilidades metodolóxicas para abordar este tema.
- Será necesario establecer un programa de formación para as familias, coa finalidade de que coñezan as plataformas nas que se van mover seus fillos/as e o tipo de tarefas que terán que levar a cabo.

¹ O proceso de empréstito descríbese no Anexo I

d) Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: test obrigatorio, pero tremendamente subxectivo que aporta información relativamente interesante.

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,6
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,9
	Alumnado	4,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,6
	Alumnado	4,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,5
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,4
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4,2
	Alumnado	4,5

Test CDD: outro test obrigatorio, practicamente inútil, descontextualizado, subxectivo. Aporta unha información que non serve. Confunde un centro educativo cun conxunto de mestres. En calquera caso, ofrecemos os resultados:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	23	26	88,5
PROVISIONAL	2	2	100
INTERINO	1	1	100
SUBSTITUTO	2	2	100
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,2	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	91,1	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)



Primaria	86,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
-----------------	------	-------------------	----	-------------------

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	8	28,6
B1	14	50
B2	5	17,9
C1	-	-
C2	1	3,6
TOTAL	28	100,00%

e) Análise DAFO segundo as directrices do grupo ADIX

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A conexión a internet é excelente e o colexio dispón de dispositivos e robots para levar a cabo a estratexia dixital.	O centro demanda un polo creativo. A carencia dun espazo físico axeitado lastra a posta en marcha de máis proxectos. Moitos equipos están obsoletos. As pizarras dixitais non aportan moito, os proxectores son unha fonte de gastos. Cómpre recibir paneis interactivos.
	PERSONAL DOCENTE	Todo o profesorado ten actitude proactiva e formación para crear contido e empregalo.	Falta de confianza en ferramentas de avaliación dixital e que favorezan a coavaliación.
	ALUMNADO	1.Interese polo emprego de presentacións dixitais e curiosidade pola robótica. 2.Mostra dun bo nivel de competencia.	Perigo de uso inapropiado e/ou excesivo da tecnoloxía.
	FAMILIAS		Existe aínda descoñecemento de estratexias para regular o emprego das tecnoloxías e a sensación de que as nenas e os nenos "saben máis ca os pais".
	OFERTA	O colexio ten a área de robótica como oferta de libre configuración de centro , así como obradoiros nos que aborda esta temática en infantil e no primeiro ciclo.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existe unha estratexia dixital previa definida e aprobada pola CCP, claustro e consello escolar. A participación no proxecto Edixgal favorece enormemente que o alumnado teña unha boa competencia dixital ao finalizar a etapa.	É dificultoso xestionar apoios de profesorado para os momentos nos que se emprega a tecnoloxía.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de programas aos que o centro pode sumarse e son de interés. (Digicraft no teu cole, estratexia Digitalent, Polos Creativos...)	Un plan dixital encorsetado, con ferramentas de avaliación pouco útiles e un grupo ADIX que é un mero transmisor dos dictames dos Servizos Centrais. Esixencia de levar a cabo tarefas (coma esta) que fan perder literalmente o tempo e o restan doutras cousas máis importantes, como elaborar contido. Burocracia ineficaz. Interese exacerbado por introducir a tecnoloxía en idades demasiado temperás, sen reflexionar sobre as consecuencias.
	LEXISLACIÓN	Organizar ámbitos que poden facilitar tarefas competenciais.	Currículo de infantil LOMLOE que mostra un tufo a obsesión por expoñer ao alumnado a pantallas, obviando por completo as recomendacións da OMS.

	CONTORNA	Existe unha empresa tecnolóxica (ENERCRAFT) de primeiro nivel na comarca, dirixida por un cambadés, coa que facemos colaboracións.	Moitas familias están a ver reducidos os seus ingresos, o que pode repercutir seriamente na fenda dixital.
	ANPA	Curiosidade polo que o alumnado é capaz de facer neste ámbito, cun niveld e autonomía e competencia elevada.	
	OUTRAS ENTIDADES	Compre estar atentos a posibles programas que resulten de interese e que non impliquen venderse a empresas privadas, como outros centros fixeron con Samsung.	Ofertas e receitas infalibles coa tecnoloxía como medicina. A xente pode crer estas tonterías e comezar a esixir o uso indiscriminado de dispositivos.

f) Situación actual en canto ás TIC (Contraanálise DAFO obxectiva)

Nos últimos anos o Ceip San Tomé está a levar a cabo un proceso de integración das TIC na vida cotiá do centro. Este proceso inclúe dende as comunicacións que se fan a nivel de centro ata cambios metodolóxicos nas aulas.

A boa conexión a Internet do centro (grazas ao programa red.es) facilita que o profesorado se anime a empregar no día a día recursos dixitais procedentes da Internet, que, acompañado á boa dotación de material dispoñible no colexio, fai que se afronte con garantías o emprego da tecnoloxía nas aulas.

Outro aspecto a ter en conta é a formación do profesorado na materia, que se pode considerar medio/alto na globalidade.

A formación que consideremos básica para calquera mestre do colexio é a seguinte:

- Tomar fotografías e edición sinxela das mesmas.
- Gravar vídeos e sinxela edición dos mesmos.
- Gravar audios na sala de radio e crear podcast.
- Subir imaxes e vídeos aos distintos recursos web (aula virtual, nubes)
- Creación de vídeos interactivos e subida ás aulas virtuais do colexio.
- Ofimática:
 - Creación e enriquecemento de textos.
 - Creación e enriquecemento de presentacións
 - Emprego básico de follas de cálculo
 - Creación de carteis e fichas
- Colgar contidos na aula virtual / EVA
- Enviar mensaxes e autorización de faltas en Abalarmóbil



- Comunicación interna mediante mail e nube.

Para comprobar se estes obxectivos se cumpren, empregamos datos obxectivos como:

- Cantidade total de mensaxes enviadas por Abalarmóbil.
- Cantidade de mestres que envían toda a información por Abalarmóbil.
- Titorías xeradas en abalarmóbil
- Número de contidos creados nas aulas virtuais de cada curso (en 5º e 6º en EVA)
- Número de contidos dixitais propios creados e subidos ás aulas virtuais.
- Número de podcast creados por curso e etapa.
- Número de vídeos educativos/divulgativos creados.

Indicador	Número (curso 21/22)	Número (curso 22/23)
Mensaxes enviadas (Abalar)	316	
Titorías (Abalar)	506	
Contidos creados	1452	
Contidos propios	986	
Podcast	26	
Vídeos	58	

3 PLAN DE ACCIÓN:

a) Obxectivos, indicadores e accións:

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO :	Xestionar con máis recursos humanos o tempo no que se emprega a tecnoloxía na aula.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 30% do tempo no que se emprega a tecnoloxía na aula hai dúas mestras na aula.					
Valor de partida	Actualmente os apoios non se fan na hora na que se emprega a tecnoloxía.					
Valor previsto e data	No 75% dos grupos de primaria cúmprense o datos do indicador.			Outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Deseño do horario de uso dos elementos tecnolóxicos do centro tendo en conta os apoios	Equipo TIC (encargado de deseñar o horario)	15/09/2022	Equipo Tic, un ordenador e unha folla de cálculo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración do horario de apoio e gardas tendo en conta o indicador sinalado	Xefa de estudos e Xefe do Departamento de Orientación	09/09/2022	Responsables, ordenador e folla de cálculo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Planificación das tarefas tendo en conta os dous horarios anteriores.	Titoras/es	21/06/2023	Programación didáctica e programación semanal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":

2. OBXECTIVO :	Dotar ás familias de ferramentas para controlar o uso da tecnoloxía por parte das súas fillas/os.	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de formación	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de familias que afirman ter mellorado a súa competencia dixital.		
Valor de partida	Non hai valor de partida por non ter datos obxectivos cuantificables.		
Valor previsto e data	Un 25% das familias recoñece ter mellorado a súa competencia na materia na enquisa final de curso.	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realizar un curso na aula virtual para as familias	Equipo TIC.	30/01/2023	Equipo TIC. Crear un curso na aula virtual do colexio.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Participar no Plan Director de Seguridade Dixital	Director.	30/06/2023	Garda Civil. Unidade de delitos telamáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Incluír preguntas na enquisa final de curso sobre a competencia dixital das familias	Equipo directivo.	30/06/2023	Equipo directivo. Formulario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":

3. OBXECTIVO :	Formar alumnado en uso seguro e riscos físicos derivados do uso da tecnoloxía.	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC e titoras/es.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado que obtén cualificación positiva nun cuestionario sobre uso seguro de internet. O número de partes de incidencia por uso indebido da rede é inferior a 3.		
Valor de partida	Non hai datos obxectivos para ter unha idea sobre o uso seguro de internet. Nos 3 últimos cursos tramitáronse entre 3 e 5 partes por curso debido a un uso indebido.		
Valor previsto e data	O 70% do alumado obtén unha cualificación positiva nun cuestionario sobre uso seguro de internet.		

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Participar no programa Navega con Rumbo	Director e coordinador TIC	30/06/2023	Experto na materia ofrecido pola Consellería.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Participar no plan Director de Seguridade Dixital	Director	30/06/2023	Unidade de delitos telemáticos da garda civil.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formación nas aulas de 3º sa 6º de primaria a través da secuenciación de contidos do plan dixital vixente.	Titoras/es	30/06/2023	Profesorado. Material elaborado no plan dixital vixente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":

4. OBXECTIVO :	Elaborar ferramentas de avaliación e coavaliación en rede.	Acadado	
RESPONSABLE:	Todo o profesorado	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de ferramentas de avaliación en rede. Cantidade de ferramentas de coavaliación en rede.		
Valor de partida	Rúbrica de expresión oral. Rúbrica de expresión escrita. Guías de corrección para tarefas de robótica e informática.		
Valor previsto e data	Unha guía de corrección para, alomenos, unha tarefa en rede por trimestre (de 3º a 6º). Unha actividade por curso (de 3º a 6º) que implique coavaliación en rede (base de datos, obradoiro, tarefa habilitando correctores...)	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reunión específica da CCP para determinar os instrumentos de avaliación que se empregarán en cada área ou tarefa.	Xefa de estudos e coordinador TIC	1º trimestre	Reunión ordinaria da CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración e realización de tarefas avaliáveis en rede mediante rúbricas ou guías de corrección.	Coodinadores de ciclo	2º trimestre	Documentos de avaliación elaborados e acta con acordos alcanzados. Aula virtual do colexio e plataforma EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración da tarefa para coavaliación en rede.	Coordinadores de ciclo.	3º trimestre	Aula virtual do colexio e plataforma EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":

5. OBXECTIVO :	Elaborar ferramentas de avaliación e coavaliación en rede.	Acadado	
RESPONSABLE:	Todo o profesorado	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de ferramentas de avaliación en rede. Cantidade de ferramentas de coavaliación en rede.		
Valor de partida	Rúbrica de expresión oral. Rúbrica de expresión escrita. Guías de corrección para tarefas de robótica e informática.		
Valor previsto e data	Unha guía de corrección para, alomenos, unha tarefa en rede por trimestre (de 3º a 6º). Unha actividade por curso (de 3º a 6º) que implique coavaliación en rede (base de datos, obradoiro, tarefa habilitando correctores...)	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reunión específica da CCP para determinar os instrumentos de avaliación que se empregarán en cada área ou tarefa.	Xefa de estudos e coordinador TIC	1º trimestre	Reunión ordinaria da CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración e realización de tarefas avaliáveis en rede mediante rúbricas ou guías de corrección.	Coodinadores de ciclo	2º trimestre	Documentos de avaliación elaborados e acta con acordos alcanzados. Aula virtual do colexio e plataforma EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración da tarefa para coavaliación en rede.	Coordinadores de ciclo.	3º trimestre	Aula virtual do colexio e plataforma EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Independentemente das táboas anteriores, como obxectivos específicos a conseguir en todos os ámbitos, este plan recolle os seguintes:

Materiais:

- Conseguir que o colexio teña unha proporción de ordenadores por alumno en educación primaria que permita a planificación regular de actividades:
 - 1 ordenador por cada 4 alumnos de 1º a 4º de primaria.
 - 1 ordenador por alumno en 5º e 6º de primaria.
- Aumentar o número de robots no colexio:
 - 24 en primaria (Mbot e Ranger)
 - 12 en infantil
- Novo equipamento para as aulas con paneis interactivos e ordenadores de xestión novos.

Organizativos:

- Incrementar os cursos nos que se emprega a robótica e a programación na aula (actualmente 6º de primaria e obradoiros de 1º e 2º)
- Fomentar o emprego da aula virtual como ferramenta de aula, dotando aos cursos dun contido estable e de centro.
- Aumentar o número de horas/días que cada aula pode dispoñer dos equipos.
- Organizar apoios para ter dúas persoas na aula cando se emprega tecnoloxía.

Alumnado:

- Adquirir hábitos de seguridade no emprego de Internet.
- Fomentar unha actitude crítica e reflexiva do contido en Internet.
- Adquirir competencia en Alfin.
- Empregar estratexias de busca eficaces.
- Coñecer o uso básico dos robots aplicando os coñecementos lóxico matemáticos que implican.
- Empregar o pensamento computacional a través da programación.
- Empregar as TIC como ferramenta de creación e comunicación.



- Potenciar as comunicacións entre iguais para intercambiar información con hábitos de respecto mutuo.

Profesorado:

- Aceptar o valor motivador das tecnoloxías para o alumnado, sen necesidade de caer nun uso excesivo.
- Participar nas propostas do equipo de TIC.
- Adecuar o uso das TIC ás idades e materias impartidas.
- Empregar as TIC como medio para conseguir unha mellora das CCBB
- Consultar e obter información a través das TIC, que permitan a autoformación, evitando o copiar sen máis.
- Empregar as diferentes ferramentas para crear contido propio.
- Empregar Abalarmóbil como elemento de comunicación coas familias.

Familias:

- Empregar a web do centro como espazo de comunicación e información.
- Facilitar que a ANPA dispoña de espazo web propio dentro das ferramentas corporativas.
- Coñecer e empregar os elementos de comunicación telemáticos dos que dispón o centro.


b) b) Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade	Cantidade	Finalidade	Destino
Aulas dixitalizadas	8		De 1º a 4º de primaria
Postos de xestión	4	Dotar ás áreas de xestión do centro de equipos actualizados para mellorar a eficiencia.	Dirección, xefatura de estudos, secretaría e administración
Equipos ultraportátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).	1 armario e 25 ultraportátiles	Ao carecer de aula informática e de espazo no que situala, o obxectivo é que as diferentes aulas poidan facer tarefas nas que a produción final sexa dixital.	1º a 4º de primaria
Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos	5	Dotar de equipos actualizados ao profesorado para poder facer un traballo máis eficiente.	2 para sala de mestres 1 PT 1 AL 1 departamento de orientación



4 4. ORIENTACIÓNS

1. Educación Infantil:

- Coñecer e identificar os medios tecnolóxicos presentes na aula: ordenador e periféricos, proxector, pizarra dixital (en caso de ter unha na aula), visor e tablet.
- Acender e apagar os dispositivos tecnolóxicos da aula.
- Resolver actividades sinxelas ou xogos interactivos empregando o rato e o teclado do ordenador.
- Utilizar a pizarra dixital para desenvolver actividades ou xogos previamente definidos.
- Empregar a tablet para realizar actividades sinxelas (toma de imaxes, gravación de vídeos, audicións).
- Respectar as normas establecidas para empregar os recursos tecnolóxicos.
- Coidar e empregar de forma axeitada as ferramentas tecnolóxicas.
- Recoñecer a icona de navegadores no escritorio.
- Acceder a Internet ou a un xogo ou actividade con acceso directo no escritorio.
- Identificar os medios tecnolóxicos como fonte de información, investigación e expresión.

1º ciclo

- **Coñecer as diferentes partes dun ordenador.**
- Dominar o manexo do rato.
- **Coñecer as diferentes iconas máis utilizadas (navegador, cámara...)**
- Entrar na aula virtual do centro e desenvolverse nela (ver os vídeos, asociar cada número coa materia correspondente...)
- Buscar imaxes no navegador.



- Comezar coa utilización de procesador de textos: escribir títulos, inserir imaxes, pequenos fragmentos...
- Manexar a aula virtual autonomamente (enviar mensaxes, enviar tarefas, solucionar cuestionarios e realizar actividades)
- Facer fotografías.
- Buscar imaxes e descargalas.
- Buscar información en páxinas recomendadas.
- Utilizar programas educativos (xogos interactivos)

2º ciclo

- Enviar correos electrónicos achegando arquivos.
- Empregar o procesador de textos enriquecendo os arquivos con diferentes tipografías, cores, formas e imaxes.
- Crear cartafóis para organizar os diferentes tipos de arquivos.
- Realizar buscas en Internet. Copiar ou gardar imaxes, textos seleccionados...
- Facer as tarefas propostas na aula virtual, sendo quen de enviar imaxes, vídeos.
- Gravar vídeos e audios empregando diferentes dispositivos e programas axeitados.
- Emprego da mensaxería da aula virtual de xeito correcto para intercambiar información entre iguais e para comunicarse co profesorado.
- Realizar actividades en páxinas web recomendadas.

3º ciclo

Comunicación:

- Empregar ferramentas comunicativas (videoconferencia, mail, mensaxería) con autonomía e corrección.
- Elaborar documentos compartidos.
- Compartir arquivos con outros membros da comunidade.



Ofimática:

- Empregar a folla de cálculo para rexistrar datos, facer cálculos sinxelos e crear gráficas.
- Empregar un procesador para a creación de diferentes tipos de textos.
- Realizar unha presentación empregando diferentes programas.
- Elaborar e deseñar un cartel.
- Xestión de almacenamento propio de contido.

Información:

- Buscar, seleccionar e curar contidos comprobando que as fontes de información son fiables.
- Creación e publicación de contidos na web

Son, imaxe e vídeo:

- Gravación e edición de vídeos.
- Gravación e edición do escritorio.
- Creación e edición de imaxes.
- Gravación e edición de audios. (Audacity)

Robótica:

- Realizar programacións en diferentes soportes.
- Programar un robot para que execute ordes.
- Empregar a robótica para o desenvolvemento da competencia científica e matemática.



5 5. AVALIACIÓN DO PLAN

Os obxectivos formulados neste plan están pensados para o período 2021/2025, polo que os criterios de avaliación terán tamén a mesma vixencia.

Para o seguimento do Plan de Acción realizaremos unha reunión trimestral específica no equipo de TIC e da CCP para valorar o cumprimento dos apartados reflectidos nas táboas.

Ao final de cada curso correspóndelle ao equipo de TICs valorar o nivel de cumprimento de cada un dos obxectivos, valorando, en función dos resultados e das achegas dos compoñentes, propoñer as variacións a este plan que se consideren oportunas.

Independentemente da valoración que leve a cabo o equipo de TICs e dos indicadores que se reflectirán a continuación neste plan, nas enquisas que a fin de curso se lles pasan aos mestres e ás familias introduciranse items específicos en relación ao emprego das TIC.

Indicadores de avaliación:

- O 70% do alumnado obtén, a final de curso, unha nota igual ou superior a 7 na competencia dixital.
- O 90% do profesorado móstrase satisfeito ou moi satisfeito co desenvolvemento do plan (ítems na enquisa de profesorado)
- O 75% das familias valora positivamente as aprendizaxes e relación coas TIC na escola dos seus fillos/as. (Ítems na enquisa para familias)
- O colexio dispón da dotación material proposta neste plan.
- O 100% dos cursos emprega a aula virtual como ferramenta de traballo habitual e complementario.
- O número de cursos que empregan a robótica aumenta nun 25%.



6 6. DIFUSIÓN

Dar a coñecer este plan á comunidade educativa é un labor importante, do que depende, en gran medida, o seu éxito.

Empregaranse todas as canles de comunicación das que dispón o centro.

Nun primeiro lugar enviarase ás familias e mestre vía Abalarmóbil e na canle de difusión de Telegram.

Posteriormente incorporarase ao Proxecto Educativo e será publicado na páxina web e no espazo "Xestión documental na nube".

A vixencia do mesmo é de catro anos aínda que se permitirá facer variacións anualmente.



ANEXOS:

ANEXO I (PROCEDIMENTO DE EMPRÉSTITO)

ANEXO II (HORARIOS DE ORDENADORES E ROBOTS)



7 ANEXO I

8 PROCEDIMENTO DE EMPRÉSTITO DE EQUIPOS

Para evitar a fenda dixital e garantir a igualdade de oportunidades, dende o colexio poremos a disposición do alumnado equipamento dixital para a realización de tarefas sempre que sexa necesario.

Este empréstito pode ser de xeito puntual (realización dunha tarefa concreta) ou durante un período máis longo de tempo (confinamento ou ausencia por un período determinado de tempo).

✓ Suposto 1 (empréstito puntual)

Este procedemento terá un trámite sinxelo e realizarase a través da figura do titor/a, que será quen lle comunique ao coordinador/a TIC o empréstito para que o registre nun modelo unificado.

Irá unido a unha declaración responsable por parte da familia para garantir un uso axeitado do equipo.

A entrega e a devolución son responsabilidade do titor/a.

✓ Suposto 2 (empréstito prolongado)

Vai ligado á enquisa sobre medios tecnolóxicos que se realiza a principio de curso e na que se reflicten as posibles dificultades que poidan ter algunhas familias.

Cando se produza unha situación que precise dun empréstito a medio ou longo prazo o titor comunicarllo á dirección do centro, que se porá en contacto coa familia para realizar a entrega do equipamento e asinar o documento de entrega estandarizado que a Consellería ten a disposición dos centros educativos.



9 ANEXO II

10 HORARIOS DE ORDENADORES E ROBOTS

Corresponderalle ao equipo de TICs coordinar o emprego do distinto material tecnolóxico e audiovisual que hai no colexio.

Hai elementos (ordenadores e robots) que precisarán un horario establecido debido ao seu uso frecuente, e outro (tablets, cámaras...), como se empregan en función da demanda, simplemente necesitarán unha coordinación por parte do equipo.

Á hora de establecer os horarios deberá terse en conta:

- ✓ Ordenadores:
 - ✓ Intentar que cada aula teña os equipos máis dunha sesión seguida, para deste xeito facilitar a programación de actividades.
 - ✓ Tratar de deixar unha marxe de tempo para poder cargar os ordenadores a media mañá. (de 11:30h a 12:20h)
- ✓ Robots:
 - ✓ Terán preferencia de uso os cursos que teñan como área de libre configuración "robótica".

Para realizar as solicitudes "a demanda", será necesario poñerse en contacto cun membro do equipo TIC para que deixe constancia do uso e poida coordinar posibles solicitudes do mesmo material no mesmo día e hora.